

## **BASES CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “Mulleres de Viana en primeira plana”**

O Concello de viana do Bolo convoca o Concurso “Mulleres de Viana en primeira plana”, cuxa finalidade é coñecer e recoñecer o papel das mulleres na comarca de Viana do Bolo, darlles visibilidade e facerlles unha pequena homenaxe con motivo do Día da Muller Rural que se celebra o 15 de outubro.

### **BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA**

1. Poderán participar no concurso todos/as aqueles/as fotógrafos/as profesionais ou afeccionados/as, maiores de 14 anos no momento de publicárense as bases do concurso. (As persoas menores de idade deberán entegar autorización paterna/materna para a súa participación)

2. As fotografías que se presenten ó concurso terán como tema “Mulleres en Viana”, puidendo abranger multitude de situación e imaxes nas que as protagonistas sexan as mulleres da zona.

3. Cada participante poderá presentar ata un máximo de 2 fotografías. O contido das mesmas necesariamente estará relacionado co tema do concurso.

4. Cada unha das fotografías que participan no concurso deben presentarse en 2 formatos (se só se presenta nun dos formatos a imaxe non poderá optar ó concurso).

#### **FORMATO 1: IMPRESIÓN EN PAPEL FOTOGRÁFICO:**

O tamaño mínimo das fotografías será de 13 x 18 cm. E o máximo de 40 x 60 cm. As fotografías non deberán ir montadas nin reforzadas en ningún soporte.

As fotografías en formato papel fotográfico deben presentarse e rexistrarse no Concello de Viana do Bolo. De non ser posible presentalas físicamente deberán enviarse por

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:



procedemento administrativo ao enderezo abaixo indicado, adiantando a copia do resgardo do envío no enderezo electrónico ([cimviana@gmail.com](mailto:cimviana@gmail.com))

“Concurso Fotográfico “Mulleres de Viana en primeira plana”

Concello de Viana do Bolo.

Rúa da Constitución, núm. 14

32550 VIANA DO BOLO (Ourense).

Non se admitirán fotografías presentadas fora do prazo establecido.

As obras deberán presentarse nun **sobre pechado** que conterà:

- A/as fotografía/as, que incluírán na parte de atrás o título de cada unha delas e un pseudónimo do/a autor/a
- Nun sobre pechado, dentro do sobre máis grande incluíranse os seguintes datos:
  - Título da obra (que debe coincidir co do reverso de cada unha das fotografías impresas)
  - Pseudónimo (que debe coincidir co do reverso de cada unha das fotografías impresas)
  - Nome e apelidos do autor.
  - Fotocopia do DNI do participante.
  - Domicilio e teléfono de contacto.
  - Lugar onde foi tomada a fotografía.
  - Autorización expresa e firmada pola que se autoriza a exhibición e publicación das mesmas en calquera formato publicitario e de promoción que considere o Concello de Viana do Bolo.

**(A NON APORTACIÓN DE TÓDOLOS DATOS ANTERIORES IMPLICA A DESCALIFICACIÓN DA FOTOGRAFÍA NO CONCURSO).**

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:



## **FORMATO 2: DIXITAL:**

As fotografías presentaranse en formato JPEG. O tamaño máximo das imaxes será 4 Mb.

Non se admiten marxes, marcos, bordes ou calquera tipo de retoque da imaxe e dos seus elementos. Permítese a imprescindible edición dixital incluíndo os parámetros de luminosidade, contraste, saturación, tono, enforque e balance de brancos.

Non se poderán engadir ou eliminar elementos que modifiquen a composición orixinal.

A organización resérvase a posibilidade de esixir a presentación do arquivo orixinal (presentado en formato jpg.) para comprobar a edición da fotografía presentada ó concurso.

As fotografías en formato dixital deben enviarse ao correo electrónico [cimviana@gmail.com](mailto:cimviana@gmail.com) coa seguinte denominación:

<Título da obra>-<Pseudónimo>-1.jpg

<Título da obra>-<Pseudónimo>-2.jpg

Estos datos deben coincidir cos datos das fotografías impresas en papel fotográfico

**(A NON APORTACIÓN DE TÓDOLOS DATOS ANTERIORES IMPLICA A DESCALIFICACIÓN DA FOTOGRAFÍA NO CONCURSO).**

5. O inicio do concurso terá lugar o **31 de agosto 2020** e a **data límite de presentación das fotografías en ámbolos dous formatos será o 1 de outubro de 2020 ata as 14:00 horas**. Todas as fotografías recibidas fóra de dito prazo non poderán optar ó concurso.

6. O xurado estará formado por persoal cualificado no campo da fotografía e por persoal destacado no mantemento e proliferación da cultura e tradicións vianesas.

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:



7. A decisión do xurado será inapelable. E este resérvase o dereito da interpretación das bases do presente concurso e da resolución dos casos non contemplados, de acordo co seu mellor criterio.

8. O fallo do xurado farase público antes do día 20 de outubro.

9. Darase publicidade do fallo mediante comunicación escrita ou telefónica aos participantes premiados, así como no taboleiro de anuncios do Concello e a través da páxina web e do perfil de Facebook do Concello de Viana do Bolo e Cim Viana.

10. O xurado resérvase a declarar desertos os premios se os traballos presentados non reunisen, ao seu criterio, os méritos suficientes.

11. De entre todas as fotografías presentadas seleccionaranse 3 como finalistas.

13. Establécense os seguintes **premios para as fotografías finalistas:**

- **300 EUROS + agasallo**

- **200 EUROS + agasallo**

- **100 EUROS + agasallo**

14. Os premios serán únicos e indivisibles, a xuízo do xurado, e segundo a calidade das obras.

15. Ningún participante poderá obter máis dun premio.

16. As obras participantes pasarán a ser propiedade do Arquivo Fotográfico do Concello de Viana do Bolo, quen se reserva tódolos dereitos sobre as mesmas e poderá empregarlas posteriormente con fins culturais e artísticos, sen a autorización dos seus autores, pero citando sempre o seu nome.

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:



17. As fotografías presentadas formarán parte dunha exposición que se ubicará na Sala de Exposicións do Concello de Viana do Bolo (a data da exposición aínda está por determinar).

18. A organización terá un coidado estricto na manipulación das fotografías recibidas, pero declina calquera responsabilidade por perda, rotura, roubos ou danos sufridos nas fotografías durante o seu envío, durante o Concurso e durante a Exposición.

19. As fotografías que se presenten non poderán ter sido premiadas noutros concursos.

20. É responsabilidade dos concursantes que non existan dereitos de terceiros sobre as obras presentadas.

21. As fotografías orixinais non se devolverán por correo. As obras poderán ser recollidas no Centro de Información á Muller (CIM) unha vez se emita o fallo do xurado e ata a data límite do

22. Todas aquelas fotografías que non cumpran algún dos requisitos establecidos nas Bases quedarán descalificadas.

23. A participación no concurso implica a aceptación total das Bases Reguladoras do mesmo.

24. Nas cuestións non previstas nestas Bases, a Organización e o Xurado poderán adoptar as solucións que consideren máis xustas e adecuadas.

Viana do Bolo, a 24 de agosto de 2020  
O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.  
Asinado dixitalmente á marxe.

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

